




# ESTEIRO DO LANDRO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 6,5 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas



Ponte medieval de Viveiro, no esteiro do Landro.



Unha visita a Viveiro sempre paga a pena. Viveiro é un concello cun importante patrimonio natural (río Landro, cantís, praias... protexido nos LICs “Río Landro”, “Costa da Mariña Occidental”, “Montemaior” e “Souto da Retorta de Chavín”) e cultural, centrado sobre todo na vila de Viveiro na que se conservan restos da antiga muralla, vellas pontes, igrexas (Santa María de Viveiro, convento de San Francisco, mosteiro de Valdeflores, San Pedro), pazos e casas tradicionais.

Para coñecer algúns dos seus valores etnográficos e naturais propoñemos un paseo que percorre en toda a súa lonxitude o esteiro do Landro (protexido como LIC) desde a ponte do ferrocarril ata a ponte de Portochoa. Algo máis de 3 km (6,5 ida e volta) para ocupar unhas horas, polo placer de camiñar ou para ir observando máis polo miúdo a vida do esteiro: as amplas xunqueiras, as voltas do río e os animais, principalmente aves, que se moven por el –garzas e garzotas, lavancos e outros parrulos, distintas especies de gaivotas, rascóns (máis doados de escoitar ca de ver), diferentes limícolas e paxaros do mato e das xunqueiras como chascos, picaxuncos... e outros bechos máis pequenos que sempre son máis abundantes entre a primavera e o outono-.





## PERCORRIDO

Comezamos a camiñada, que se fai toda ela por un camiño ben acondicionado, empedrado, ou por pasarelas de madeira, sen apenas desniveis; no paso que hai por debaixo da vía do tren e ao pouco xa nos atopamos coa aceña ou muíño da mareas, que encoraba a auga da chea e aproveitaba para traballar durante o debalar do mar, e a partir de ahí levamos sempre á beira as amplas xunqueiras ou as revoltas do río, como a do Pozo do Piago na que se enseñoera amplo e calmo, para volvermos a achegarnos á zona lamacenta na que a menor influencia da auga do mar fai posible o asentamento dunha vexetación palustre de aspecto, tamaño e características diferentes.



As Aceñas dos "Verxeles", muíño de marea convertido en vivenda.



Lavancos e xuncos.



Garzota



Picaxuncos



Panorámica na zona do Pozo do Piago.